

Sobre a expansión da teoría literaria

Por Arturo Casas

O profesor da área de Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela, Arturo Casas, ofrece un adianto do seu vindeiro libro *Teoría da literatura I. Fundamentos*, actualmente en proceso de redacción.

- 04:58 03/04/2001

En 1989 Graciela Reyes abría o libro *Teorías literarias en la actualidad*, por ela coordinado, cun traballo que desde o título destacaba xa dúas ideas que en certo modo actuaron como eixes organizadores do volume no seu conxunto: *crise e expansión*. O camiño percorrido pola Teoría da literatura a partir do ocase do estruturalismo está, en efecto, repleto de encrucilladas e nós que complicaron e alargaron extraordinariamente os límites e engarces dunha disciplina que, no marco dos estudos humanísticos e literarios, conta hoxe cunha presenza e proxección máis que notábeis.

De seu, este estado de cousas semella ser o normal, e non fai senón recuperar o protagonismo da Poética e da Retórica noutro tempo histórico, amplísimo nas súas dimensións. Por outra parte, a Teoría da literatura amosou sempre dispoñibilidade a prol dunha comunicación franca con disciplinas colaterais como a Historiografía literaria ou a Crítica. Dito sexa isto con independencia de análises de fundamento sociopolítico, que agora me vou abster de someter a contraste, do tipo da que debemos a John Guillory (1993). Desde unha metodoloxía vinculada coa nova socioloxía de [Pierre Bourdieu](#), Guillory cre que ese protagonismo debería ser interpretado como unha simple substitución do predominio do *capital cultural* da vella burguesía "máis ou menos limitado a un saber positivista e historicista" en beneficio da imparábel emerxencia dunha nova clase profesional universitaria que cobraría presenza e poder alicerzada nun *saber técnico* e nunha estratexia executivo-burocrática. É unha reflexión que non se atopa lonxe do diagnosticado por David Lodge cando describiu o mundo da Teoría literaria (académica (norteamericana)) como "unha clase de negocios".

Menos *natural e normal*, e por tanto máis susceptible de ser avaliada en canto síntoma á luz doutros parámetros, é a recorrencia da interpelación mutua entre o saber teórico-literario e os correspondentes a outras esferas das ciencias humanas e sociais. Isto é algo que no futuro os historiadores da ciencia haberán de someter a elucidación, probablemente con base cientimétrica e unha boa análise da cocitación interdisciplinar, para calibraren así debidamente as estruturas da comunicación científica do último tercio do século XX. E aínda habería que deixar aos sociólogos (non polo de agora á medicina forense) a explicación da *síndrome autofáxica* á que se vén referindo José María Pozuelo pensando sobre todo no clima que se vive na Universidade norteamericana: esa consunción da teoría nos límites de si, probablemente nacida dunha falta de consenso epistemolóxico que non para de medrar e da necesidade subseguinte, sentida por tirios e troianos, de expoñeren razóns teoréticas que xustifiquen o seu maior ou menor desacordo teórico. Nun senso

só en parte próximo, pero de novo considerando en primeiro plano a realidade académica estadounidense e canadiana, describe Remo Ceserani (1999) unha *perdita d'aureola degli studi letterari*, asociada por el ao que evalúa como crecemento desordeado dos Cultural Studies. No fondo sempre está presente a cuestión do pluralismo, no que Marcuse sinalou unha nova metamorfose do totalitarismo.

Os mesmos historiadores da ciencia dos que antes falabamos haberán de explicar tamén en qué medida a propia crise das Humanidades neste período e o predominio cultural de valores asociados ao desenvolvemento técnico e ás leis do mercado afectaron o rumbo de disciplinas como a Teoría da literatura. E isto, curiosamente, nun momento no que é lugar común falar dunha *rehumanización* das ciencias naturais e físico-matemáticas. E no que, segundo algunhas perspectivas, estaríamos inmersos ademais en procesos caracterizados por unha contribución moi destacada do saber humanístico ao establecemento dunha nova orde en Occidente; incluso "así o debuxa e celebra Winfried Fluck" por unha progresiva afirmación da referencialidade cultural en detrimento da referencialidade política, base do que propón entender como un *radicalismo cultural* superador da fase máis economicista do individualismo.

O mapa xeral que estou a presentar pode determinar unha certa confusión entre as persoas que se achegan á Teoría da literatura, sobre todo nas menos experimentadas. O positivo desta situación *descentrada* é que adoita desembocar nunha apertura epistemolóxica e metodolóxica que raramente podería avaliarse como nociva, mesmo pensando en termos de ensino-aprendizaxe. O negativo sería, pensando sempre en lectores non expertos, un cadro que estivese caracterizado pola aparición de dúas síndromes igualmente perigosas: unha, a dun enciclopedismo moi alixeirado de responsabilidades e rigor científico; outro, o dun desencanto pola inabarcabilidade e incluso a posíbel incommensurabilidade (no sentido utilizado por Thomas S. Kuhn) dos saberes literarios.

Referencias

Ceserani, Remo (1999)

Guida allo studio della letteratura.

Roma e Bari: Laterza.

ISBN 88-420-5786-X

Guillory, John (1993)

Cultural Capital. The Problem of Literary Canon Formation.

Chicago & Londres: University of Chicago Press.

ISBN 0-2263-1043-4

Reyes, Graciela (ed.) (1989)

Teorías literarias en la actualidad.

Madrid: El Arquero.

ISBN 84-86902-05-3